

# METODOLOXÍA XERAL E TIC

O compromiso dos membros deste departamento coa incorporación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación vén xa desde fai tempo, porque estamos plenamente convencidos de que é posible acadar unha educación máis igualitaria, solidaria, significativa, profunda e crítica aproveitando de modo axeitado os recursos destas tecnoloxías.

Ao mesmo tempo intentaremos non reproducir algúns dos erros da metodoloxía tradicional na nosa práctica, porque o uso de elementos informáticos, e recursos multimedia non garante sen máis os obxectivos que pretendemos cos novos recursos como:

- Desenvolver a capacidade do alumnado de auto-aprendizaxe.
- Valorar criticamente ás información e a súa fiabilidade.
- Acceder a fontes de información silenciadas o marxinadas.
- Realizar aprendizaxes cooperativos.
- Potenciar as habilidades creativas.
- Facilitar a comunicación dos coñecementos adquiridos.
- Favorecer a competencia dixital do alumnado.

Por este motivo:

- Promovemos o uso de blogs específicos para traballos ou materias. (*O fío de Ariadna*, un blog para seguimento e intercambio sobre lecturas)
- Ofertamos materiais, exercicios interactivos e espazos para publicación de traballos do alumnado a través da web do centro.
- Colaboramos co blog *Mesturas* administrado desde a Biblioteca.
- Elaboramos guías didácticas e materiais multimedia que sirvan de base para a investigación posterior na rede ou en traballos de campo (*Eu Como, Mulleres e arte*).

Algúns destes materiais foron realizados en colaboración co equipo da Biblioteca que está intentando impulsar **proxectos interdisciplinares**, por exemplo COCIÑA COOLtural, aos que se suma este departamento na medida en que poden ser integrados nos currículos das materias que lle competen.

En todo caso, sentimos a necesidade de integrar esforzos, o que esperamos que pronto sexa posible cando se desenvolva o Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.